

NOTA DE PRENSA

A valoración da perigosidade na práctica forense centra un obradoiro para profesionais da psicología

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2016. O Colexio Oficial de Psicología de Galicia, a través da Sección de Psicología Xurídica, organiza este sábado 13 de febreiro un obradoiro no que se tratará a avaliación pericial e a valoración da perigosidade no ámbito xurisdiccional penal. O lugar da formación será a Facultade de Psicología da Universidade compostelá e nela participarán unha trintena de psicólogos e psicólogas, tanto profesionais como estudantes.

Esta formación especializada pretende difundir entre os e as profesionais do sector cales son as bases legais para a elaboración de informes periciais na xurisdición penal e as técnicas de avaliación forense existentes, así como as implicacións a nivel deontolóxico que teñen na práctica diaria as devanditas avaliacións. A metodoloxía do obradoiro será teórico-práctica e procurárase a participación das persoas asistentes, onde se proporá unha análise dun caso práctico, centrado nunha agresión sexual.

A docente é Rocío Gómez Hermoso, licenciada en Psicología e Dereito pola Universidad Complutense de Madrid e doutora por esta mesma universidade. Na actualidade é psicóloga forense no Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Madrid e no grupo de persoas expertas do Tribunal Internacional da Haia. Ten actuado como psicóloga de xulgado adscrita ao xulgado de familia de Cáceres e ao de menores en Segovia. A súa traxectoria profesional está vinculada a diferentes asociacións profesionais de ámbitos da psicología forense: é secretaria do Colexio Oficial de Psicólogos de Madrid, vogal da Asociación de Psicólogos Forenses da Administración de Xustiza e membro da División de Psicología Xurídica (PsiJur) do Consejo General de la Psicología.

Sáudos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicología de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal

Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela

www.copgalicia.gal